

Comité de Empresa de A Coruña

Resolución Comercial

En Pleno celebrado o 25 de maio de 2007 acórdase por unanimidade sumarse ás peticións que se lle están facendo á Empresa dende outras Plataformas consistentes en que é necesario eliminar a presión aos compañeiros do 1004 que está repercutindo negativamente na súa saúde.

Ante o aumento de obxetivos de produtividade, sen unha valoración previa da súa posible incidencia negativa sobre a saúde dos traballadores e tendo en conta que aínda seguen pendentes de reevaluación as medidas que aplicou a Empresa, para a mellora das condicións laborais en aspectos negativos recoñecidos polas sucesivas avaliacións de riscos psicosociais feitas nos centros de traballo. Este Comité entende que non é posible exixir unha mellora da súa produtividade mentres a Empresa non amplíe a dotación de recursos e medidas ás que está obrigada para garantir a saúde laboral.

Xa que logo, solicitamos que na valoración dos vendedores suprimanse ou non teñan incidencia negativa as seguintes prácticas ou métodos de traballo sobre cuxo uso non se ten a certeza de que sexan inocuas para a saúde dos traballadores, e cito:

- 1 Escoitas ou monitorizacións.
- 2 A locución de comprobación e valoración negativa do indicador de FCR.
- 3 O “coaching” individual tal como estíbese ofrecendo.
- 4 A presión para que atendan un número determinado de chamadas sen ter en conta outros factores.
- 5 Obxetivos derivados de HERA, debido ao seu mal funcionamento.
- 6 Incentivos, deben ser entendibles, motivadores, alcanzables e nou modificados durante o exercicio.

Polo exposto, solicitamos á súa vez que se tomen todas as medidas que se estimen necesarias para que en unha próxima avaliación de Riscos Psicosociais teñanse uns valores non nocivos para a saúde dos traballadores e esiximos o cumprimento dos compromisos xa adquiridos polo negocio na Mesa de Comercial que consideramos como un primeiro paso.

A Coruña, 25 de Mayo de 2007